

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DO DÍA 10 DE  
DECEMBRO DE 2010**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día dez de decembro de 2010, réunese a Comisión Especial de Contas, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asistentes:

- |                      |   |
|----------------------|---|
| Alcalde- Presidente: | • Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE  |
| PSdeG-PSOE:          | • Don Jaime Manuel López Lisnier<br>• Dona Carmen Tato Lago   |
| PP:                  | • Dona M <sup>a</sup> Jesús González Roel<br>• Dona M <sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas<br>• Don José Antonio Baamonde López           |
| BNG:                 | • Dona Laura Fernández Martínez, por imposibilidade de asistencia de don Antón Otero Domínguez<br>• Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo |
| EU-IU:               | • Don Luis Miguel Taibo Casás   |
| GM (PG):             | • Don Manuel Marante Gómez  |

Non asiste, con escusa, dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Faise constar que tamén asisten á sesión don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré, como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

**1º Informe á Conta Xeral do exercicio de 2009**

Comeza a exposición o concelleiro don Jaime Manuel López Lisnier, quen realiza unha somera explicación do contido da conta xeral e máis do informe emitido pola interventora da corporación, sinalando que é obxecto desta comisión o ditame da conta xeral do concello correspondente ao exercicio de 2009, como paso previo para a súa exposición ao público ao obxecto de posibles reclamacións e a súa posterior aprobación polo pleno desta corporación. A aprobación da conta xeral polo pleno da corporación é un acto esencial para a súa fiscalización polos órganos de control externo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia.

A conta xeral que hoxe se presenta está integrada por:

- a) O balance
- b) A conta de resultado económico patrimonial
- c) O estado de liquidación do orzamento
- d) A memoria

Estes documentos preséntanse de acordo cos modelos establecidos pola instrución de contabilidade para a Administración Local, de xeito que amosen unha imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira do concello e dos resultados das súas operacións durante o exercicio de conformidade cos principios e normas contables aplicados no ámbito da contabilidade das administracións públicas.

O balance presenta a posición do patrimonio referido ao peche do exercicio, estruturándose en activo e pasivo. O activo recolle os bens e dereitos, así como os posibles gastos a distribuír en varios exercicios e o pasivo recolle obrigacións e fondos propios. Na memoria recóllense as observacións máis relevantes aos compoñentes do activo e pasivo.

A conta de resultado económico patrimonial presenta o aforro positivo referido ao exercicio 2009, obtido por comparación dos ingresos e beneficios e dos gastos ou perdas. Como se pode ver na documentación da conta xeral, a conta de resultado económico patrimonial presenta un aforro (resultado positivo) de 1.389.509,12 euros.

O estado de liquidación do orzamento presenta coa debida separación a liquidación do orzamento de gastos, de ingresos e do resultado orzamentario. A liquidación do orzamento de 2009, aprobouse por resolución do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes do día 4 de agosto de 2010 e deuse conta na sesión ordinaria do pleno de 26 de agosto de 2010, se ben con motivo da formación desta conta xeral detectouse un erro que afectaba aos estados da liquidación polo que por resolución do concelleiro da área do 21 de outubro de 2010, anulouse a liquidación anterior e aprobouse a correcta do orzamento de 2009, da que se deu conta ao pleno en sesión de 28 de outubro de 2010.

Por último a memoria, estruturada en 22 apartados, completa, amplía e comenta a información contida no balance, a conta de resultado económico patrimonial e o estado de liquidación do orzamento. A memoria debe engadir a información non contemplada que sexa necesaria para facilitar a comprensión da conta anual obxecto de ditame.

Forman parte da memoria, como un apartado máis dela, unha serie de indicadores orzamentarios, para a súa análise, entre os que destacan:

- a execución do orzamento de gasto que acadou o 69,61 %, superior á do 2008, e tendo en conta os investimentos financiados co FEIL sería do 73,56 %
- Os pagos realizados do total das facturas aprobadas acadou o 84,05%
- O gasto total por habitante foi de 717,77 euros, un 7,46% superior ao de 2008 e o investimento por habitante de 139,22 euros que se se tiveran en conta as obras do FEIL sería de 311,96 euros, o que en todo caso supón un crecemento con respecto ao 2008
- O esforzo inversor do concello foi do 19,40 %, sen ter en conta as obras do FEIL, e que aínda así se incrementou nun 12,44% con respecto ao ano 2008 e o prazo medio de pago do total do gasto foi de 42 días

En canto á execución dos gastos segundo a súa clasificación funcional, destaca pola súa importancia relativa, xa que supón un 53,21% do total de gastos, os gastos en bens de carácter social: sanidade, educación, urbanismo, saneamento e abastecemento de auga, cultura e deportes, polos que se aprobaron gastos por importe de 8.872.078,20 euros, en segundo lugar os gastos en servizos de carácter xeral e en terceiro lugar os gastos en seguridade, protección e promoción social, que experimentou un incremento do 29,71% con respecto ao 2008.

En canto á execución do orzamento de ingresos dicir que esta foi do 64,19% e os cobros realizados sobre o total de dereitos recoñecidos foi do 88,24 %. O período medio de cobro dos ingresos do capítulo 1 a 3 do orzamento de ingresos foi de 60,52 días.

En canto aos indicadores financeiros patrimoniais, os indicadores de liquidez inmediata e de solvencia a curto prazo, situáronse no 69,57% e 217,83% respectivamente. O primeiro destes indicadores amosa que a 31 de decembro as dispoñibilidades de efectivo cubrían case o 70% das obrigas pendentes de pago nese momento, pero é ben certo que o concello nese momento tiña pagado un total de 1.154.781,18 euros de investimentos do FEIL, sen ter recibido o diñeiro do Estado ata principios do ano seguinte. Con este importe dispoñible o índice de liquidez inmediata situaríase no 123,51%. O mesmo ocorre coa obra de acondicionamento do local social do Graxal incluída no programa Arume, que supuxo pagar 111.746,65 euros sen contar co ingresos dos fondos europeos.

As transferencias correntes recibidas son as que máis importancia cuantitativa teñen sobre o total dos ingresos, debido fundamentalmente á participación nos tributos do Estado e o fondo de

cooperación local da Xunta de Galicia. A segunda fonte de ingresos de importancia son os impostos directos, cun lixeiro incremento dos ingresos por IBI urbana e do imposto de vehículos e máis destacable dos ingresos por plusvalía, diminuíndo lixeiramente a recadación polo IAE.

Tamén é un apartado máis da memoria o estado de remanente de tesourería, que reflicte un remanente para gastos xerais que continuou sendo positivo e de importe 1.069.188,61 euros, que constitúe un aforro que permitiu financiar modificacións de crédito durante o 2010.

Por último o resultado orzamentario do exercicio foi de 174.984,21 euros e o aforro neto do exercicio foi de 675.774,55 euros.

Por tanto séguese coa tendencia iniciada no ano 2005 de contar cunhas boas magnitudes orzamentarias a pesar da difícil situación económica actual.

En canto aos reparos, no 2009 o importe das obrigas recoñecidas con informe desfavorable da intervención descendeu de forma considerable con respecto ao 2008, situándose nun 11,50% fronte ao 19,99 € do 2008 e o 21,19% do ano 2007. En 2010 continuarase con esta liña descendente pois séguese coa directriz de iniciar todos os expedientes de contratación de servizos que non estean en vigor sempre que os medios persoais e materiais con que se conta o permitan.

Concedida a palabra á concelleira dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, esta manifesta que esta conta debería estar presentada para a súa aprobación antes do 30 de outubro, e que todos os anos teñen que ler o mesmo, que non se presenta antes por falta de persoal, os responsables municipais seguen sen facer caso e coas consecuencias que isto pode carrexar, como son a perda de subvencións da Xunta.

Como todos os anos ven un gran número de facturas con reparo de intervención, o que fai pensar que nos atopamos ante unha mala xestión, ou que se está beneficiando a un grupo de persoas e empresas, ou quizais as dúas cousas.

Engade que tamén bota en falta o inventario municipal, reclamado varias veces polo seu grupo e dende hai máis de 7 anos.

Di que o aforro do que tanto presumen neste concello vai en descenso. Que os orzamentos non se executan na súa totalidade, o que reflicte unha falta absoluta de compromiso cos veciños de Cambre. A diminución dos ingresos por actividades económicas é dun 24 %, os impostos indirectos dun 45,8 %, e o índice de solvencia a curto prazo é do 69,57 %.

Sinala que a conta é un reflexo da pésima xestión deste concello, incapaz de corrixir os problemas que a interventora reflicte nos seus informes cada ano. Co pacto co BNG non se fixo

máis que empeorar, baixan os ingresos, baixan os aforros e non obstante suben os soldos de corporación e persoal un 6,57%.

Conclúe dicindo que o máis preocupante desta situación é que non se toman medidas e decisións adecuadas, e que, polo tanto, o voto do seu grupo vai ser de abstención, á vista da forma de xestión do goberno municipal.

Concedida a palabra a don Luis Taibo Casás, de EU-IU, este sinala que esta conta xira arredor de dous temas importantes: o Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) e os Plans de Obras e Servizos da Deputación da Coruña, nos que se basean os investimentos máis importantes. Non vai incidir novamente no incumprimento dos prazos de execución do orzamento, porque esta idea xa se ven comentando e vendo ano tras ano, pero si dicir que se despreza a legalidade naquelas contratacións nas que se pagan facturas con informes de reparos por parte da Intervención municipal. En resumo, a conta xeral reflicte a xestión dun goberno, coa que non están de acordo. Así mesmo, lamentan que aínda non estea rematado o inventario municipal, xa que levan dende os anos 94 e 95 reclamándoo, e, ou ben por desidia, ou porque as empresas contratadas para o efecto non funcionan ben, a día de hoxe aínda non contamos co inventario. Por isto, e aínda que teñen en conta que, como se fai constar nos informes da interventora, o ditame á conta xeral non supón máis que un visto e prace para a súa fiscalización, o seu grupo vai votar en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), este sinala que se vai abster na presente votación.

Intervén don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, quen comenta que cre que a conta xeral está rendida, que é o fundamental, aínda que sexa fóra do prazo. É certo que sería mellor tela presentada nos prazos que marca a normativa, pero o importante é que se vai enviar ao Consello de Contas para a súa fiscalización. Ademais, dependendo das intencións coas que se lea a conta, esta pode interpretarse nun sentido ou noutro, e, aínda que non quere pecar de fachendoso, pode constatar que o traballo está feito desde a independencia, non por un responsable político, e, como se constata do informe da interventora, hai magnitudes que están mellorando: o nivel de execución do orzamento, o gasto por habitante, a diminución dos reparos,....

Isto hai que destacalo. Evidentemente, non é a mellor execución orzamentaria desexable, pero si que hai unha evolución, que xurde xa desde o ano 2008, no que comeza a crise económica, se ben se vai capeando o temporal, e, un ano despois, como vemos, vase resistindo a situación, e, comparando coa de outros concellos, sen chegar a ser moi boa, a situación orzamentaria do Concello de Cambre non é, desde logo, das peores.

Hai unha situación de xestión económica sostible, e non imos cara á bancarrota, o cal, de por si, xa non é malo. Para rematar, e respecto dos reparos, que diminuíron no exercicio 2009, temos que ter en conta que estes teñen un nome e máis un apelido: é dicir, hai reparos que se emiten por

omisión dalgún pequeno trámite, ou ben por facturas que están presentadas fóra do exercicio, o que implica que non todo os reparos son tan malos. De feito, o grueso das facturas reparadas está nas facturas emitidas en dous contratos de servizos sen formalizar, e que é o que hai que intentar solucionar.

Por tanto, o voto do seu grupo vai ser favorable, para que se remitan as contas ao Consello de Contas, e, respecto dos informes, cómpre salientar que conteñen melloras significativas. De feito, hai un dato importante, referido a que a situación de dificultade financeira que obrigou a aprobar un Plan de Estabilización cumpríuse, e seguemos nese camiño.

Non é certo que o pacto de goberno agravase as cousas. Os datos din o contrario, comparándoos cos da conta do ano 2008. Desde logo, non ten a osadía de dicir que o pacto fixera mellorar a situación, pero tampouco a empeorou.

Toma a palabra don Jaime Manuel López Lisnier, quen manifesta que quere matizar que, cando di que os indicadores financeiros son do 69%, este dato depende de como se lea, xa que a realidade é que son dun 123 %, xa que, á data do 31/12/2009, o que se fixo foi adiantar o diñeiro do FEIL e das subvencións da Xunta, que foron uns 1.200.000 euros, que o concello adiantou con diñeiro noso, polo que os indicadores son realmente dun 123 %.

Don Luis Miguel Taibo Casás declara que, volvendo aos números, o certo é que estes cadran bastante ben, pero o seu grupo a onde quere chegar é á xestión do orzamento, xa que todos os anos pasa o mesmo cos servizos que non damos contratado, e sempre resulta repetitiva esta cuestión, que parece que non damos solucionado. Que é o que pasa entón coa auga, e cos servizos que non se contratan, como por exemplo a subministración de gas-oil?.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que pode ser que haxa atrasos nas contratacións de servizos, se ben sabe que os técnicos están a elaborar as prescricións técnicas, que aínda non remataron. De todas formas, aumentouse a contratación de servizos, e reducíronse os reparos por este tema, se ben aínda están pendentes do tema da auga.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que queren feitos, e non palabras.

Antes de proceder á votación, don Manuel Marante Gómez sinala que non entende cal é o motivo de que se vote, xa que a convocatoria da Comisión Especial de Contas vai referida a un informe, e non a ningunha aprobación, polo que solicita que nas vindeiras convocatorias se determine claramente cal é o obxecto da sesión.

A interventora da corporación aclara que se trata de ditaminar a conta xeral, e non de aprobar o seu informe, e co ditame o que se pon de manifesto é que se confeccionou a conta xeral, e que esta reflecta a imaxe do patrimonio e máis todos os aspectos que require a lexislación vixente.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, á parte de que a conta xeral estea ben presentada, e parécelles ben que se remita aos órganos de fiscalización, o informe da intervención recolle a existencia de problemas na xestión orzamentaria, e este é o motivo de que o seu grupo vaia votar en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os tres concelleiros do PSdeG-PSOE e os dous concelleiros do BNG, vota en contra o concelleiro de EU-IU, e abstéñense os tres concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG).

Así pois, a comisión, por cinco votos a prol, acordou:

Primeiro: Ditaminar favorablemente a conta xeral do exercicio 2009.

Segundo: Expoñer ao público, mediante anuncio publicado no BOP e taboleiro de anuncios do Concello, a conta xeral xunto co informe da Comisión Especial de Contas por prazo de 15 días, durante os cales, e oito máis, os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións, tal e como se establece no artigo 212.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Terceiro: No suposto de que non se formulen reclamacións, reparos ou observacións, elevarase a conta xeral xunto co presente informe da Comisión Especial de Contas ao Pleno da Corporación a efectos da súa aprobación.

No suposto de que se formulen reclamacións, reparos ou observacións, serán examinadas pola Comisión Especial de Contas para emitir novo informe, que será elevado ao Pleno da Corporación.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e vinte e cinco minutos minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

M<sup>a</sup> Fernanda Montero Carré